

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomene, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adl@concellocarballo.es info@concellocarballo.es

Proceso selectivo.- Traballador/a Social, a xornada parcial. Ano 2020

"DECRETO.- APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR UN PERÍODO DE NOVE MESES, A XORNADA PARCIAL.-"

Vista a Resolución de data 20/12/2019 do Director xeral de Inclusión Social, da Consellería de Política Social, de asignación de transferencias finalistas correntes ao Concello de Carballo, para o reforzo dos servizos sociais comunitarios municipais co incremento de un/unha Traballador/a Social, tratando de garantir a renovación do financiamento básico dos servizos sociais comunitarios municipais de acordo co financiamento dispoñible para esta finalidade nos orzamentos de gastos da Consellería de Política Social, no marco do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Visto que o Concello de Carballo presentou ante a Consellería de Política Social o proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2019.

Considerando a necesidade de proceder coa maior urxencia á aprobación das bases e convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de oposición, de UN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL, para o reforzo dos Servizos Sociais do Concello de Carballo, no marco do Plan Concertado de servizos sociais. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo parcial, por un período de nove meses, coa finalidade de dispor de persoal para cubrir necesidades urxentes e inaprazables de carácter temporal, para servizos de prestación obrigatoria para este concello, quedando así xustificada a necesidade e urxencia da súa contratación.

Vista a urxencia de levar a cabo este proceso selectivo, sendo conveniente aprobar o expediente por avocación de competencias.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local, polo presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Avocar as competencias, previamente delegadas na Xunta de Goberno Local mediante Resolución de data 25 de xuño de 2019, para o presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar as bases segundo o anexo que se acompaña, así como a convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo **sistema de oposición**, de UN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL, para o reforzo dos Servizos Sociais do Concello de Carballo, no marco do Plan Concertado de servizos sociais. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo parcial, por un período de nove meses, coa finalidade de dispor de persoal para cubrir necesidades urxentes e inaprazables de carácter temporal, para servizos de prestación obrigatoria para este concello, quedando así xustificada a necesidade e urxencia da súa contratación.

TERCEIRO.- Publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballo un anuncio indicativo deste procedemento de selección, así como o texto íntegro das bases que rexerán a convocatoria.

CUARTO.- Publicar nun diario de ámbito provincial o anuncio da convocatoria do proceso selectivo.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.”

En Carballo, a 04 de marzo de 2020.-

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,

O alcalde, D. Julio Manuel Yebra-Pimentel Blanco

O secretario, D. Fernando Torre Comesaña.

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomene, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

Proceso selectivo.- Traballador/a Social, a xornada parcial. Ano 2020

ANEXO.- "BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN, DE UN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL, POR UN PERÍODO DE NOVE MESES, A XORNADA PARCIAL, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CARBALLEDO.-

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal laboral temporal, mediante o sistema de oposición, de UN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL, para o reforzo dos Servizos Sociais do Concello de Carballedo, no marco do Plan Concertado de servizos sociais. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo parcial, por un período de nove meses, coa finalidade de dispor de persoal para cubrir necesidades urxentes e inaprazables de carácter temporal, para servizos de prestación obligatoria para este concello, quedando así xustificada a necesidade e urxencia da súa contratación.

Denominación da praza: Traballador/a Social.

Grupo de encadramento: (Grupo de cotización 2 da Seguridade Social)

Tipo de contrato: laboral, temporal a tempo parcial, 20 h semanais.

Sistema selectivo: Oposición.

Tempo de contrato: 9 meses.

Prazas: unha (1)

Titulación mínima: Diplomado en Traballo Social ou título de Grao en Traballo Social.

Período de proba: Establécese un período de proba de dous (2) meses (art. 14 do E.T.).

Funcións do posto de traballo: as correspondentes a un traballador/a social, conforme á normativa estatal e comunitaria aplicable ao exercicio desta profesión regulada.

Retribucións: As retribucións a percibir polo/a aspirante seleccionado/a serán de 766,41€ brutos mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extras.

Esta contratación temporal será a xornada parcial, 20 horas semanais, relacionado coa duración do programa subvencionado, e segundo o previsto Resolución de data 20/12/2019 do Director xeral de Inclusión Social, da Consellería de Política Social, de asignación de transferencias finalistas correntes ao Concello de Carballedo, para o reforzo dos servizos sociais comunitarios municipais co incremento de un/unha Traballador/a Social, tratando de garantir a renovación do financiamento básico dos servizos sociais comunitarios municipais de acordo co financiamento dispoñible para esta finalidade nos orzamentos de gastos da Consellería de Política Social, no marco do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento..

A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal de duración determinada de obra ou servizo, por un período de nove meses, a tempo parcial, 20 horas semanais, para a contratación de un/unha Traballador/a Social, para os Servizos Sociais do Concello de Carballedo.

PUBLICIDADE: A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación de anuncio nun diario de ámbito provincial (La Voz de Galicia). As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballedo, así como un anuncio indicativo deste procedemento de selección. Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

SEGUNDA.- REQUISITOS MÍNIMOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte na selección será preciso cumplir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Ser español/a. Os/as nacionais dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións sempre que acrediten xunto coa súa instancia na que solicitan tomar parte no proceso selectivo que, segundo o dereito comunitario, é de aplicación a libre

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portoméñez, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adl@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

Proceso selectivo.- Traballador/a Social, a xornada parcial. Ano 2020

circulación de traballadores neste sector.

- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- c) Non se atopar incuso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
- d) Ter cumpridos 16 anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.
- f) Estar en posesión da titulación mínima requirida para o posto a desenvolver.

REQUISITOS ESPECÍFICOS:

- 1) **Titulación mínima: Diplomado en Traballo Social ou título de Grao en Traballo Social.**
- 2) **Estar en posesión do carné de conducir B.**
- 3) **Certificado de lingua galega CELGA 4, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición. Os candidatos que non acrediten posuír o Celga 4 deberán someterse a unha proba de galego, que acredite o seu nivel de competencia, e que se valorará como apto ou non apto.**

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: OPOSICIÓN.

O Concello de Carballedo presentará a correspondente oferta de emprego mediante a publicación de anuncio da convocatoria nun diario de ámbito provincial (La Voz de Galicia).

As bases do proceso selectivo serán publicadas na páxina web do Concello de Carballedo: www.concellocarballedo.es, no apartado Áreas de interese – Oferta de emprego.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: As solicitudes para participar neste proceso selectivo formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Carballedo ou polas outras formas previstas na lexislación vixente, durante o prazo máximo de **TRES DÍAS HÁBILES** a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun diario de ámbito provincial (La Voz de Galicia).

As bases do proceso selectivo están a disposición dos aspirantes no taboleiro de anuncios do Concello, e na páxina web.

A instancia (Anexo I) acompañarase dos seguintes documentos:

- Copia compulsada da titulación mínima requirida para o posto.**
- Copia compulsada do carné de conducir B.**
- Copia compulsada do certificado de CELGA 4 ou equivalente.**
- Copia compulsada do D.N.I.**
- Anexo II: Declaración xurada** de non padecer enfermidade ou doença física ou psíquica que impida exerce-las función propias do posto a desenrolar, e de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incuso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente.

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adl@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

Proceso selectivo.- Traballador/a Social, a xornada parcial. Ano 2020

Cada aspirante presentará **instancia (Anexo I)** no prazo sinalado, xunto coa documentación que se acompañe, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Carballedo, na Oficina de Rexistro do Concello de Carballedo, **en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres**. A Oficina de Rexistro do Concello selará e datará a Instancia, e entregaralle fotocopia da mesma ao solicitante.

En caso de presentar a instancia noutro rexistro distinto ao do Concello de Carballedo, o aspirante deberá enviar copia da solicitude completa por fax, ao 982466352, antes de que remate o prazo de presentación de instancias.

A lista de aspirantes presentados, admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello no prazo máximo de dous días hábiles dende que remata o prazo de presentación de instancias.

A cualificación, levarase a cabo polo Tribunal Cualificador que se nomee, e elevará ao Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación total, aos efectos da súa contratación.

En ningún caso serán valorados aqueles documentos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

En caso de empate entre os aspirantes, para proceder ao desempate realizarase unha entrevista persoal aos candidatos empatados en puntuación, para así dirimir o desempate.

Se algún candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acredita-los requisitos necesarios, a proposta de contratación do Tribunal sería a favor dos seguintes con maior puntuación total.

SISTEMA DE OPOSICIÓN.- Puntuación máxima: 20 puntos.

1º Exercicio.- PROBA TIPO TEST:

Será obligatoria, eliminatoria e anónima, e consistirá na realización dun exame por escrito (tipo test), sendo a materia obxecto de exame o temario sinalado no **Anexo III das presentes bases**.

Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo de 1 hora.

O exame valorarase cunha puntuación máxima de 20 puntos, sendo necesario acada-la puntuación mínima de 10 puntos para superar esta fase de oposición e non quedar excluído/a do procedemento de selección. Por cada resposta incorrecta, descontarase 0,25 puntos.

2º Exercicio.- Proba de galego:

Será obligatorio a superación dunha proba de coñecemento da lingua galega para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do Certificado de Celga 4, ou equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o Certificado de Celga4, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adl@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

Proceso selectivo.- Traballador/a Social, a xornada parcial. Ano 2020

Decreto lexislativo 1/2018 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumplir co previsto no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2018 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

3º Exercicio: ENTREVISTA PERSONAL.-

En caso de empate de puntuación entre os aspirantes tras realizar as probas anteriores , para proceder ao desempate realizarase unha entrevista persoal aos candidatos empatados en puntuación, para así dirimir o desempate.

En caso de empate de puntuación entre os aspirantes, realizarase unha entrevista persoal, (puntuación máxima: 6,00 puntos) na que se valorarán as aptitudes e actitudes necesarias para posto de traballo a desenvolver e para as funcións inherentes ao mesmo. As/os aspirantes deberán responder oralmente a varias preguntas formuladas polo tribunal sobre cuestións básicas e prácticas relacionadas co posto a desenvolver, e sobre o coñecemento do municipio de Carballedo, en cuestións relacionadas co temario da oposición.

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

O Tribunal Cualificador será nomeado no Decreto de Alcaldía polo que se aprueba a lista de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo.

O Tribunal non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso en todo caso a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Será de aplicación ó tribunal o previsto na legislación vixente, en canto ás causas de abstención e recusación.

A Presidencia ou o tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos dun asesor especialista, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias das probas así o aconsellen, limitándose o mencionado asesor a prestar a súa colaboración na súa especialidade técnica.

A selección levarase a cabo no lugar, día e hora que se especifique mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios do Concello cunha antelación de un día hábil, unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, e terá lugar únicamente entre os candidatos que presentaran a correspondiente instancia en prazo e a documentación que a acompaña.

O día da selección os candidatos comparecerán co DNI/Taxeira de residencia. Nese mesmo acto, procederanse á entrevista persoal e a valoración polo Tribunal dos méritos aportados polos/as candidatos/as.

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adl@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

Proceso selectivo.- Traballador/a Social, a xornada parcial. Ano 2020

QUINTA.- FORMALIZACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato formalizarase entre o Concello e o/a candidato/a seleccionado/a na data que se indique, por un tempo de NOVE MESES, a tempo parcial, 20 horas semanais.

SEXTA.- INCIDENCIAS.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbdas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

SÉTIMA .- DEREITO SUPLETORIO.

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral, así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal ao servizo das administracións públicas.

OITAVA.- NORMA FINAL.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán impugnálos interesados no caso e na forma dispostos na lexislación vixente."

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portoméñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adl@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

Proceso selectivo.- Traballador/a Social, a xornada parcial. Ano 2020

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA.-

D./D^a con DNI

e domicilio a efectos de notificacións en:

.....
CP Localidade

Teléfono / móvil: /

E-mail

EXPOÑO:

I.- Que teño coñecemento da convocatoria e bases para a selección de UN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL, para os SERVIZOS SOCIAIS, como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Carballo.

II.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Asdo.:

Lugar e data

.....

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Copia compulsada da titulación mínima requerida para o posto.
- Copia compulsada do carné de conducir B.
- Copia compulsada do certificado de CELGA 4 ou equivalente.
- Copia compulsada do D.N.I.
- Anexo II: Declaración xurada de non padecer enfermidade ou doença física ou psíquica que impida exerce-las función propias do posto a desenvolver, e de cumplir los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na legislación vixente.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLEDO.

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portoméñez, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adl@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

Proceso selectivo.- Traballador/a Social, a xornada parcial. Ano 2020

ANEXO II. - DECLARACIÓN XURADA.

Eu, D./D^a. con D.N.I., declaro baixo a miña exclusiva responsabilidade que na actualidade teño a **capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais** na ocupación de TRABALLADOR/A SOCIAL, para traballar nos Servizos Sociais do Concello de Carballedo, e tamén declaro non padecer enfermidade nin estar afectado por doença física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Tamén manifesto que **non teño expediente disciplinario**, nin fun despedido por causas disciplinarias por unha Administración Pública, e tamén que non incorro en incompatibilidade, nin teño sido separado ou inhabilitado de empregos ou cargos en ningunha Administración Pública.

En Carballedo, a.....de.....de 2020.

Sinatura,

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adl@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

Proceso selectivo.- Traballador/a Social, a xornada parcial. Ano 2020

ANEXO III. - TEMARIO DA OPOSICIÓN:

MATERIAS COMÚNS:

- **Tema 1.**- A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e Deberes fundamentais dos españois. Principios reitores da política social e económica. Garantías dos dereitos e liberdades.
- **Tema 2.**- O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- **Tema 3.**- Organización territorial do Estado e as competencias municipais.
- **Tema 4.**- O procedemento administrativo na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- **Tema 5.**- A Organización municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- **Tema 6.**- O municipio de Carballedo. Termo municipal.
- **Tema 7.**- Poboación do municipio de Carballedo. Estrutura poboacional.
- **Tema 8.**- Datos de interese do Municipio de Carballedo.
- **Tema 9.**- Distribución xeográfica e parroquial do municipio de Carballedo.

MATERIAS ESPECÍFICAS:

- **Tema 1.**- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- **Tema 2.**- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- **Tema 3.**- Dependencia, Lei 39/2006, de 14 de decembro. Sistema galego de atención á dependencia, requisitos xerais para o acceso ás prestacións e incompatibilidades, valoración e recoñecemento da situación de dependencia nos supostos de emergencia social, e nos menores de 3 anos. PIA.
- **Tema 4.**- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.
- **Tema 5.**- Renda de Inclusión Social de Galicia (Lei 10/2013, do 27 de novembro).
- **Tema 6.**- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar en Galicia.
- **Tema 7.**- O traballador social na planificación. Elaboración de programas e proxectos sociais.
- **Tema 8.**- Metodoloxía do traballo social, concepto e fases do método básico.
- **Tema 9.**- Deontoloxía do traballo social, código ético do traballador social.
- **Tema 10.**- O traballador social nos Servizos Sociais Municipais: cuestións básicas e prácticas do posto a desempeñar.”.